



CIRCULAR INFORMATIVA DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR CURSO ESCOLAR 2024-2025

Segundo o disposto na instrución 2/2024 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

- **Solicitudes**

Pódense recoller na Secretaría do centro ou descargarlas da páxina web do colexio.

Teñen que solicitar todos os interesados, incluídos os que xa son usuarios habituais de comedor no presente curso.

Xunto coa solicitude debe achegarse a autodeclaración e documentación xustificativa dos criterios alegados.

- **Número de prazas concedidas: 123**

- **Selección de usuarios:**

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnado **usuario habitual** do servizo de comedor no curso 2023-2024, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Agás no caso de alumnado escolarizado voluntariamente en centros fóra de zona, ter un/unha irmán ou irmá que vaia a continuar matriculado no centro para o curso que solicite o servizo e sexa usuario do comedor escolar no momento de formalizar a solicitude.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, monoparentais, situación acreditada mediante certificación, título ou inscrición no rexistro correspondente.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolledores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración



responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.

6. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

- **Prazos:**

1. Entrega de solicitudes: dende o 18 ao 28 de xuño dous inclusive.
2. Publicación listaxe provisional de admitidos: 2 de xullo
3. Alegacións: ata o 9 de xullo.
4. Publicación listaxe definitiva: 12 de xullo